

POLA INTRANSIXENCIA DE AEB E CECA: FINALIZA SEN ACORDO A NEGOCIACIÓN SOBRE O REXISTRO DA XORNADA

A manifesta falta de vontade negociadora, tanto da AEB como da CECA, para acadar calquera mínimo compromiso en firme para erradicar as prolongacións de xornada no sector financeiro foi a puntilla a esta negociación.

Unha vez que o Tribunal Supremo, mediante dúas sentenzas que xa sentan xurisprudencia, exonerou ás empresas da obriga de levar un rexistro da xornada do seu persoal, a negociación desequilibrouse -aínda máis- en favor das patronais, que aproveitaron a circunstancia para dar varios pasos atrás e reducir o alcance e contidos dun posible acordo, deixándoo reducido a meras declaracións de intencións.

CCOO fixemos unha contraproposta ao documento sobre «boas prácticas» que presentaron AEB e CECA na reunión do pasado 9 de maio, coa intención de que, ao truncarse a posibilidade de establecer un rexistro da xornada, polo menos tomásense medidas tendentes a evitar as prolongacións. En resumo, propuxemos:

- Que as reunións para calquera actividade sexan convocadas dentro dos límites da xornada ordinaria, salvo excepcións xustificadas, e sempre con **carácter voluntario**.
- Que as convocatorias para calquera actividade (cursos presenciais, reunións, “livemeeting”, presentacións, información, etcétera) en horario fóra dos límites da xornada ordinaria deban convocarse por escrito, **con indicación expresa da vontade** en canto a súa asistencia, e con horario de inicio e finalización das mesmas.
- Que as convocatorias para calquera actividade fóra dos límites da xornada ordinaria non poidan realizarse nunca:
 - En días ou tardes non laborables ou festivos.
 - En vísperas de días non laborables nin festivos.
 - Perante los días de xornadas reducidas por festa maior e semellantes.
 - Perante o mes de agosto (ou perante o período no que a xornada ordinaria de convenio sexa en horario continuo de 8:00 a 15:00 ou xornada similar pactada).
- Que as reunións para a realización de calquera actividade, incluída a formación, fóra dos límites da xornada ordinaria, **sexan sempre voluntarias** e non poidan exceder as 19:00 horas.
- Que o contacto telefónico entre as persoas superiores xerárquicas e o persoal ao seu cargo, así como o envío de correos electrónicos ou de mensaxería de calquera tipo, para asuntos que non poidan esperar ao principio da xornada laboral do día seguinte, redúzase ao mínimo imprescindible, e en ningún caso poderá conter mandatos, esixencias ou requirimentos para realizar calquera tipo de actividade laboral fora da xornada ordinaria.

- Que, en todo caso, respectarase o **dereito á desconexión** polo que, salvo excepcións xustificadas desde as 19:00 horas ata as 7:30 do seguinte día laborable, se instrumentará un apagamento xeneralizado de luces nos centros de traballo, e de mensaxes en teléfonos, computadores portátiles ou tablets corporativas.
- Que as empresas darán traslado do contido do presente acordo a todo o persoal e moi expresamente ao persoal directivo, con indicación do carácter de obrigatorio do seu cumprimento.
- Que as entidades informarán, con periodicidade trimestral, aos sindicatos asinantes do presente acordo que teñan presenza nos órganos de representación unitaria da empresa, de todas as convocatorias efectuadas ao persoal fora do horario de traballo establecido para cada persoa, así como as causas que as motivan.

AEB e CECA negáronse a asumir estes compromisos concretos, co que quedou de manifesto que o seu único interese é continuar como ata agora, mirando cara outro lado porque teñen un persoal que realizan xornadas extras polo prezo dunha sen importarlles un chisco que as persoas poidan compatibilizar o seu traballo coa súa vida persoal e familiar.

CCOO non nos rendemos e imos seguir explorando todas as vías para darlle a volta a esta situación.

18 de maio de 2017

Se aínda non estás afiliado/a, afíliate a CCOO, o sindicato das persoas. O teu sindicato.

Ficha de afiliación

Data

Nome e apelidos

DNI Teléfono Data nacemento

Dirección (particular)

Poboación Código postal

Clave oficina

Domiciliación bancaria:

--	--	--	--

IBAN

--	--	--	--

Banco/Caixa

--	--	--	--

Oficina

--	--

DC

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Conta corrente/libreta

Correo electrónico Firma:

(Dea a seus representantes de **CCOO bbva** ou enviar bbvaccOO@servicios.ccoo.es dixitalizados)

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidad con la ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, te informamos que tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como -en todo caso- a la C.S. CCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es> hacer clic sobre Conoce CCOO. La finalidad del tratamiento de tus datos, por parte de todas ellas, la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado/afiliada. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, C/ Fernández de la Hoz nº 12 - 28010 Madrid. Deberás indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un correo electrónico a lpd@ccoo.es o llamar al teléfono 917028077.